

CONVOCATORIA DO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL TEMPORAL PARA A REDE GALEGA DE BIOMATERIAIS

PRAZA: INVESTIGADOR/A COLABORADOR/A

Convócase un proceso de selección para a contratación de investigadores/as colaboradores/as, mediante contrato en réxime temporal ao abeiro do proxecto “Rede Galega de Biomateriais”, financiado polo Programa de Consolidación de Unidades de Investigación Competitivas do SUG da Xunta de Galicia (ED 431D 2017/13). A Rede Galega de Biomateriais (RGB) constituíuse no 2014 e actualmente están formado por seis grupos de investigación das Universidades de Vigo e Santiago de Compostela.

BASES QUE REGULAN O PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAL

PRIMEIRA. OBXECTO:

A presente convocatoria ten como finalidade promover a iniciación en tarefas de investigación a estudiantes universitarios que estean a finalizar os seus estudos de Grado, Mestrado ou que estean na etapa Pre-doutoramento.

A vinculación realizárase mediante un contrato laboral, en réxime temporal, a tempo parcial que permita continuar cos estudos ao tempo que se inicia na investigación.

SEGUNDA. REQUISITOS DOS/AS SOLICITANTES

Os/as aspirantes deberán cumplir, á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

- Ter cumpridos os dezaoito anos.
- Ter capacidade funcional para o desempeño das tarefas do perfil solicitado.
- Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o desempeño de funcións públicas.
- Ser estudiante universitario/a cursando estudos de Grado, Mestrados oficiais ou na etapa de Pre-Doutoramento no ámbito científico-tecnolóxico.

TERCEIRA. DESCRICIÓN DO POSTO DE TRABALLO

A contratación formalizarase cun contrato laboral en réxime temporal a tempo parcial por un período máximo de ata 6 meses. O custo total do contrato é de 3.000€ (incluíndo salario e custo da seguridade social da empresa).

CUARTA. FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Os/as aspirantes deberán enviar no prazo designado, á dirección de correo electrónico rgbiomat@uvigo.es, a seguinte documentación:

- Impreso de solicitud (anexo I)
- Currículum vitae
- Expediente académico
- Os/as aspirantes deberán presentar un proxecto de colaboración a desenvolver orientado a algunha liña de investigación da Rede Galega de Biomateriais. O proxecto, cunha extensión máxima de 4 páxinas, debe estar avalado por un/unha investigador/a de algún grupo da Rede (ver anexo II).

O prazo de presentación das solicitudes finaliza o **22 de febreiro de 2018 a las 14h.**

QUINTA. PROCEDIMENTO E RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA

Finalizado o período de presentación das solicitudes, elaborarase unha lista provisional de admitidos e excluídos, que se publicará na web: <http://redegalegadebiomateriais.uvigo.es/>.

Abrirase un prazo de 3 días para emendar os errores e enviar a documentación que se precisa. Transcorrido dito período, elaborárase a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos.

A Comisión de Selección que valorará os méritos presentados polos/as aspirantes, estará composta por persoal investigador da Universidade de Vigo que participa na Rede Galega de Biomateriais. A Comisión valorará o curriculum vitae e o proxecto de investigación seguindo os criterios de valoración seguintes:

- Curriculum vitae (60%)
- Proxecto de investigación (40%)

Completado este proceso, notificaranse na páxina web da RGB os resultados provisionais, establecendo un período de reclamación de 3 días. Vistas as reclamacións ou transcorrido o prazo sen que houbese ningunha reclamación, a Comisión de Selección notificará os resultados definitivos.

A Comisión de Selección se o estima oportuno, poderá configurar unha lista de espera cos aspirantes con mellor puntuación para atender as posibles necesidades derivadas do proxecto.

En caso de evidenciarse a inadecuación dos méritos dos aspirantes ao perfil obxecto da convocatoria, a Comisión de Selección poderá declarar deserta de forma motivada a convocatoria de selección convocada.

ANEXO I: MODELO SOLICITUDE**CONVOCATORIA DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN
DE PERSOAL TEMPORAL PARA A REDE GALEGA DE BIOMATERIAIS****PRAZA: INVESTIGADOR/A COLABORADOR/A****Datos persoais do solicitante**

Nome e apelidos			DNI	
Dirección				
Localidade		Provincia		
Teléfonos de contacto				
Correo electrónico				

Documentación que adxunta:

- Impreso de solicitude (anexo I)
- Currículum vitae
- Expediente académico
- Proxecto de investigación

O/A aspirante declara a veracidade dos datos consignados nesta solicitude e manifesta coñecer e aceptar as bases da presente convocatoria

En a de Febreiro de 2018

Firma do solicitante

ANEXO II:

GRUPOS DE INVESTIGACIÓN DA REDE GALEGA DE BIOMATERIAIS

- Grupo de Novos Materiais (Universidade de Vigo)
- Grupo de Química Coloidal (Universidade de Vigo)
- Team NanoTech (Universidade de Vigo)
- I+D en Formas de Dosificación e Sistemas de Liberación de Medicamentos (Universidade de Santiago de Compostela)
- Grupo de Cirurxía, radioloxía e ecografía experimental veterinaria (Universidade de Santiago de Compostela, Campus de Lugo)
- Grupo de Cirurxía (Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela)